NORMAS DE **FUNCIONAMENTO**

Con carácter xeral é imprescindible ser maior de idade ou no seu defecto, maior de 10 anos con autorización do pai, nai ou titoría legal e acompañados.

Na programación deportiva municipal teñen preferencia as persoas que están empadroadas no Concello de Arteixo, existindo un número limitado de prazas para cada actividade, así como un número mínimo de prazas a cubrir para que a actividade se leve a cabo.

O Servizo Municipal de Deportes resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas ubicacións, horarios, profesorado, etc., que considere necesarias.

No caso de que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade nos datos o alumno causará baixa inmediata, sen dereito á devolución do importe abonado.

As persoas que asinan a folla de inscrición fan constar que non padecen ningunha enfermidade que o incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Arteixo, para a xestión de servizos. En calquera momento poderá exercitar, en relación cos seus datos persoais, os dereitos de acceso, cancelación e rectificación e oposición comunicándoo por escrito no Rexistro Xeral do Concello.

PROCEDEMENTO DE **INSCRICIÓN**

Haberá un período de inscrición específico para cada unha das actividades, no que se terá que cubrir un impreso e entregalo nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes persoalmente ou por mail na dirección deportes@arteixo.org. O impreso poderá recollerse no Servizo Municipal de Deportes ou descargalo na páxina web municipal www.arteixo.org.

Inscrición directa por orde de solicitude, con preferencia ás persoas empadroadas en Arteixo.

Pódese efectuar o pago do prezo público nas entidades bancarias habituais ou a través do TPV virtual na páxina web municipal (http://www.arteixo.org/servizos/pagos-online).

Natureza e deporte 2019

CONCELLO DE ARTEIXO

PROGRAMA

Natureza e deporte 2019



Inscrición e Información:

SMD Servicio Municipal de Deportes Concello de Arteixo

Tel.: 981659172 - 173

deportes@arteixo.org
www.arteixo.org

SMD Servicio Municipal de Deportes Concello de Arteixo

CONCELLO DE ARTEIXO